Cotidianeidade

Harmonía colectiva

MARÍA NAVARRO

A editorial Alfaguara Obradoiro vén de tirar do prelo *E Xoel aprendeu a voar*, no que constitúe unha das últimas achegas de Marica Campo ao público infantil e xuvenil.

Trátase dun texto impregnado de cotidianeidade no que a autora, quizais levada polo seu pasado adicado á docencia e, como tal, boa coñecedora da psicoloxía infantil, tenta, dende o poder que lle outorga a palabra, amosar unha realidade concreta e que, se cadra, é preciso denunciar para intentar crear un mundo máis xusto e máis humano no que prime o desenvolvemento persoal, a conservación do medio e unha certa harmonía colectiva.

Varios son os aspectos que dende punto de vista temático destacan no texto; un neno ao que lle custa relacionarse cos demais e se refuxia nas máquinas -léase PSP, computador ou similares-, uns pais moi atarefados que case descoidan o que teñen ao se redor e un avó que alimenta o presente coa construción dun motoveleiro, coa ilusión de aguilloar o neto para que esperte do seu letargo e que deposita no rapaz a esperanza do perdón por un feito pasado nada loable. A alusión ao instituto e aos compañeiros do protagonista, Xoel, adereza a historia e introduce unha pinga de atractivo que manterá o lector atento e expectante.

Así, entre idas e vidas, altos e baixos, o campo e a cidade, a tristeza e a alegría vai tecendo a autora a historia que comeza no Nadal coa alusión ao conto de Hans Christian Andersen *A vendedora de fósforos* e remata case un ano despois coa chegada do protagonista a Galicia, tras a súa estancia nos Estados Unidos, e á vida real e onde a xente sente, vive e padece, porque nada do que sucede ao noso redor pode sernos indiferentes por insignificante que pareza.

Por outra parte, a inclusión ao longo da novela da utilidade das novas tecnoloxías para transformar condutas ou mudar pareceres non fai máis ca enriquecer o relato ao mesmo tempo que serve para estimular vontades ficticias e reais e xogar co lector a saber se sabe. Vaia acerto!

CAMPO, Marica, E Xoel aprendeu a voar, Ed. Alfagura/Obradoiro, Santiago, 2009, P.V.P. 7,69€